

E D I C T O

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de xaneiro de 2011, acordou, por unanimidade, aceptar, de conformidade co previsto no artigo 7.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a delegación que en materia de recursos locais realizou a Mancomunidade de Concellos do Morrazo integrada polos concellos de Bueu, Cangas e Moaña, por acordo da Xunta de Goberno de data 18 de novembro de 2010 e seguindo o establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 7 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, para que a Deputación Provincial de Pontevedra exerza as facultades de xestión, inspección, liquidación e recadación da taxa por recollida de lixo e a recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público que se atopen pendentes de cobro na Tesourería da Mancomunidade.

A citada delegación será levada a cabo polo Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais (ORAL).

Pontevedra, a 4 de febrero de 2011.—El Presidente, Rafael Louzán Abal.—El Secretario, Carlos Cuadrado Romay. 2011001243

A Y U N T A M I E N T O S

V I G O

A N U N C I O

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 31 de xaneiro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Con base no informe-proposta da Xefa de Servizo de Seguridade de 3 de xaneiro de 2011, transcrito na parte expositiva deste acordo, desestimar integramente a alegación presentada en data 26.11.2010, con nº de doc. 100153871, por dona Ángela Eva Rey González, con DNI 53170211-F.

Segundo: Aprobar definitivamente a modificación do texto refundido da ordenanza municipal reguladora do servizo de aparcamento na vía pública, mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo (exp. nº 78739/210 de 2010), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

Terceiro: Ao abeiro do disposto nos artigos 70.2 Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 196.2 do ROF (RD 2568/1986), publicar este acordo e o texto íntegro da modificación da Ordenanza no BOP, entrando en vigor aos quince días hábiles desta publicación.

Cuarto: Segundo o previsto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, 107.3, 109 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, 52 da LRRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da Ordenanza pon fin á vía administrativa e contra esta disposición xeral non caberá recurso nesta vía, podéndose interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado/a, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do mesmo nome do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da súa impugnación indirecta, conforme cos artigos 26 e 27 da LRXPAC 30/1992, e da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.”

A Ordenanza de referencia ten seguinte teor literal:

ARTIGO 1.—

Establécese a Ordenanza reguladora do servizo de aparcamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas vías públicas da cidade.

ARTIGO 2.—

O ámbito de aplicación da Ordenanza corresponde ás seguintes rúas:

- Alfonso X el Sabio, Álvaro Cunqueiro, Areal, Arzobispo Xelmírez, Barcelona, Bolivia, Brasil, Camélias, Canceleiro, Cánovas del Castillo, Caracas, Carral, Cuba, Ecuador, Fisterra, García Olloqui, Girona, Gran Vía, Hispanidade, Honduras, Illas Baleares, Illas Canarias, Xoaquín Lóriga, Lepanto, López de Neira, Luis Taboada, María Auxiliadora, Marqués de Valladares, México, Nicaragua, O Pilar, Oporto, Otero Pedrayo, Padre Feixoo, Padre Don Rúa, Panamá, Paraguai, Pintor Laxeiro, Pintor Lugrís, Pintor Colmeiro, Pracer, Pontevedra, Praza de Santa Rita, Praza de Compostela, Progreso, Porto Rico, Ramón y Cajal, Reconquista, Regueiro, República Arxentina, Ronda de Don Bosco, Rosalía de Castro, Salamanca, Serafín Avendaño, Sevilla, Simón Bolívar, Taboada Leal, Tarragona, Valencia, Valle Inclán, Vázquez Varela, Velázquez Moreno, Venezuela, Zamora e Zaragoza.

A totalidade das rúas agrúpanse nos seguintes sectores:

SECTOR 1

Formado polas rúas:

- Cánovas del Castillo, Carral, García Olloqui, Luis Taboada, Marqués de Valladares, Praza de Compostela, Reconquista, Velázquez Moreno (do nº 1 ao 13 e do 2 ao 18).

SECTOR 2

Formado polas rúas:

- Rosalía de Castro, Areal, Pontevedra, Canceleiro, Oporto, República Arxentina (do nº 1 ao 21 e do 2 ao 14), Serafín Avendaño (do nº 1 ao 15 e do nº 2 ao 14).

SECTOR 4

Formado polas rúas:

- Vázquez Varela, México, Cuba, Brasil, Paraguay, Ecuador (do nº 65 e 74 ao final da rúa), Venezuela (do nº 51 e 50 ao final da rúa), Bolivia (do nº 19 e 20 ao final da rúa), Nicaragua (do nº 37 e 44 ao final da rúa), Praza de Santa Rita, Puerto Rico, Gran Vía (do nº 1 ao 61 soamente impares), Padre Feixoo e Honduras (do nº 5 e 6 ao final da rúa).

SECTOR 5

Formado polas rúas:

- Progreso, Paseo de Granada, Placer, Ronda de Don Bosco, María Auxiliadora, Joaquín Loriga (do nº 1 ao 21 e do nº 2 ao 14), Ecuador (do nº 1 ao 25 e do nº 2 ao 26), Venezuela (do 1 ao 21 e do nº 2 ao 18), Finisterre, El Pilar, López de Neira, Taboada Leal.

SECTOR 6

Formado polas rúas:

- Venezuela (do nº 23 ao 49 e do nº 20 ao 48), Simón Bolívar, Arzobispo Xelmírez, Ecuador (do nº 27 ao 63 e do 28 ao 72), Panamá, Joaquín Loriga (do nº 23 e 16 ao final da rúa), Gran Vía (do nº 2 ao 58 soamente números pares), Padre Don rúa, Bolivia (do nº 1 ao 17 e do nº 2 ao 18), Caracas, Nicaragua (do nº 9 ao 35 e do nº 4 ao 42), Honduras (do nº 1 ao 3 e do nº 2 ao 4).

SECTOR 7

Formado polas rúas:

- Zamora, Barcelona, Zaragoza, Pintor Colmeiro, Camelias (do nº 1 ao 123 soamente números impares), Álvaro Cunqueiro (do nº 1 ao 19 e do 2 ao 26), Salamanca, Regueiro (do nº 1 ao final da rúa soamente números impares) e Tarragona.

SECTOR 8

Formado polas rúas:

- Girona, Pintor Laxeiro, Álvaro Cunqueiro (do nº 21 e 28 ao final da rúa), Alfonso X el Sabio, Otero Pedrayo, Pintor Lugrís, López Mora, Camelias (do nº 118 ao final da rúa soamente números pares) e Regueiro (do nº 2 ao final da rúa soamente números pares).

Habilitaranse en todos os sectores as correspondentes prazas reservadas para minusválidos que posúan tarxeta de discapacitado. Esta tarxeta permite á persoa discapacitada ou, se non conduce, ao conductor que a acompañe, estacionar nas prazas reservadas para tal fin. É obrigatorio colocala tarxeta nun lugar ben visible do parabrisas dianteiro do vehículo.

Exclúense os espazos reservados para entradas de vehículos autorizadas, carga e descarga durante as horas establecidas, estacionamento e parada de uso exclusivo para o transporte público urbano, servizos de urxencias, pasos peonís, así como aquelas prazas habilitadas especificamente para o estacionamento de motocicletas e ciclomotores e as denominadas islas de reciclaxe e espazos delimitados para contenedores.

Por razóns de seguridade, obras ou interese público, a Alcaldía poderá modificala zona de estacionamento, as rúas de instalación, así como o horario de funcionamento do servizo.

ARTIGO 3.–

A zona de estacionamento limitado estará sinalizada verticalmente en todas as rúas de acceso co sinal R-309 e no seu final co sinal R-504. Sinalizaranse horizontalmente, con liña discontinua de cor azul, todos os espazos destinados ao estacionamento na devandita zona.

ARTIGO 4.–

O servizo XER funcionará de luns a venres, agás festivos, co seguinte horario: Pola mañá de 9.00 horas a 14.00 horas e pola tarde de 16.00 horas a 20.00 horas. Por acordo plenario poderá modificarse ou ampliarse o devandito horario.

ARTIGO 5.–

O tempo máximo en que un vehículo pode permanecer estacionado en Zona XER nunha mesma vía durante o horario de funcionamento do servizo é de dúas horas. Non poderá volver a estacionar na mesma vía durante o horario de funcionamento do servizo: se as dúas horas de estacionamento tiveron lugar entre as 9:00 horas e as 14:00 horas ata as 16:00 horas do mesmo día; e se as dúas horas de estacionamento tiveron lugar entre as 16:00 horas e as 20:00 horas ata as 09:00 horas do día seguinte.

Exceptúanse os residentes que poden estacionalo seu vehículo sen límite de tempo no sector correspondente á rúa do seu domicilio.

Por acordo plenario poderá modificarse o tempo máximo de estacionamento para a totalidade da Zona XER ou parte dela.

ARTIGO 6.–

Poderán obter para os seus vehículos acreditación de vehículo residente, as persoas físicas que a soliciten e teñan o seu domicilio, segundo o padrón municipal de habitantes, dentro do ámbito territorial de aplicación da XER. Establécense tres tipos de residentes en función do xeito de tenencia do vehículo:

- Residente con vehículo en propiedade.
- Residente con vehículo en réxime de arrendamento financeiro (leasing ou renting).

c. – Residente usuario de vehículo de empresa, coa que mantén relación laboral contractual.

a). – Residente con vehículo en propiedade:

O residente con vehículo en propiedade, para obter autorización municipal, deberá achegala seguinte documentación coa súa solicitude:

a.1. – Certificado de empadramento do interesado en calquera das rúas que compoñen a Zona XER.

a.2. – Copia compulsada do DNI e para os estranxeiros, tarxeta de residencia, pasaporte ou documento análogo que acredite a personalidade do solicitante e maila súa residencia legal.

a.3. – Copia compulsada do permiso de conducción do interesado e máis do permiso de circulación do vehículo para o que se solicita autorización. O nome e domicilio do titular do vehículo, que conste no permiso de circulación do vehículo, deberá coincidir co que figure no certificado de empadramento.

a.4. – Copia compulsada da tarxeta de inspección técnica do vehículo e máis do recibo do pagamento do seguro de suscripción obrigatoria (S.O.A) que acredite a súa vixencia.

a.5. – Documento que acredite que o vehículo está dado de alta no padrón do imposto municipal de vehículos de tracción mecánica do Concello de Vigo, e ao corrente do seu pagamento.

b). – Residente en réxime de arrendamento financeiro (leasing ou renting):

O residente con vehículo en réxime de arrendamento financeiro, para obter autorización municipal, non pode dispoñer de vehículo en propiedade, e deberá achegala seguinte documentación coa súa solicitude:

b.1. – Certificado de empadramento do interesado en calquera das rúas que compoñen a Zona XER.

b.2. – Copia compulsada do DNI e para os estranxeiros, tarxeta de residencia, pasaporte ou documento análogo que acredite a personalidade do solicitante e maila súa residencia legal.

b.3. – Copia compulsada do permiso ou licenza de conducción do interesado.

b.4. – Copia compulsada do contrato de leasing ou renting.

b.5. – Copia compulsada da póliza do seguro do vehículo debendo constar o interesado como conductor habitual e mais xustificante do pagamento da prima do periodo do seguro en curso.

c). – Residente usuario de vehículo de empresa, coa que mantén relación laboral contractual:

O residente que dispoña dun vehículo cedido pola súa empresa, para obter autorización municipal para ese vehículo, non pode dispoñer de vehículo en propiedade, e deberá achegar a seguinte documentación coa súa solicitude:

c.1. – Certificado de empadramento do interesado en calquera das rúas que compoñen a Zona XER.

c.2. – Copia compulsada do DNI e para os estranxeiros, tarxeta de residencia, pasaporte ou documento análogo que acredite a personalidade do solicitante e maila súa residencia legal.

c.3. – Copia compulsada do permiso ou licenza de conducción do interesado.

c.4. – Documento estendido pola empresa no que se acredite que o solicitante é o único e exclusivo usuario do vehículo, que está autorizado para dispoñer do mesmo fora da súa xornada laboral, e que o uso do vehículo tributa como retribución en especie a efectos da declaración da renda das persoas físicas.

c.5. – Copia compulsada da póliza do seguro do vehículo debendo constar o interesado como conductor habitual e mais xustificante do pagamento da prima do periodo do seguro en curso.

ARTIGO 6 BIS. –

Habilítase o mes de xaneiro para presentación de solicitudes, tanto para novos pedimentos como para renovacións. Con carácter excepcional, poderanse presentar durante os cinco primeiros días hábiles de cada mes novos pedimentos, pedimentos de cambios de sector ou renovacións.

Unha vez estimada á solicitude presentada entregárase o correspondente distintivo. A autorización correspondente ao ano en curso deberase colocar na parte superior do parabrisas dianteiro do vehículo quedando totalmente visible o seu fronte desde o exterior para a súa comprobación.

Non terá a condición de residente se estaciona o seu vehículo fóra da zona asignada ao mesmo no distintivo, debendo neste caso abonar a tarifa xeral coa limitación de tempo establecido.

ARTIGO 7.—

O control do tempo de estacionamento efectuarase sobre comprobante horario e o seu pagamento acreditarase por medio do correspondente ticket que se obtén nas máquinas expendedoras coa introducción de moedas ou tarxeta magnética.

O ticket indicará o número de expendedor donde se obtén o mesmo, o importe abonado, a hora á que se obtén o mesmo e maila data e a hora de fin do estacionamento.

O conductor estará obrigado a colocalo ticket na parte interna do parabrisas dianteiro do vehículo quedando totalmente visible o seu fronte desde o exterior para a súa comprobación. No suposto de non colocalo ticket do xeito indicado, resultando imposible a súa lectura e comprobación desde o exterior do vehículo, terase por non colocado sendo denunciado de acordo co previsto no artigo 8.a) desta Ordenanza.

ARTIGO 8.—

Constitúen infraccións a esta Ordenanza e serán consideradas como estacionamento de vehículo en lugar prohibido de conformidade co disposto nos artigos 39.2 e 65.3 do Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial 339/1990:

- a) Estacionar nunha Zona XER, durante o horario de funcionamento do servizo, carecendo de ticket.
- b) Estacionar superando o horario autorizado no ticket de aparcamento.
- c) Permanecer estacionado nunha mesma vía en Zona XER, durante o horario de funcionamento do servizo, por tempo superior a dúas horas.

A infracción definida no apartado a) sancionárase con multa de 45 € e as definidas nos apartados b) e c) con multa de 30 €.

Asemade, constitúen infraccións a esta Ordenanza, de carácter leve, sancionables con multa de ata 100 € poidendo implicar, no seu caso, ademais do expediente sancionador correspondente, a retirada do distintivo de aparcamento de residente:

- Non utilizar debidamente os distintivos de aparcamento para residentes contemplados na presente Ordenanza.
- Utilizar o distintivo de aparcamento de residente unha vez transferida a propiedade do vehículo para o que se otorgou.
- Utilizar unha autorización de aparcamento manipulada, non válida ou falsificada ou calquera outro uso fraudalento dos distintivos e tickets de aparcamento.
- Colocar na parte interna do parabrisas dianteiro do vehículo unha morea de tickets coa finalidade de inducir a confusión ao persoal denunciante.

Poderá procederse á retirada do vehículo da vía pública co guindastre municipal cando o vehículo careza de ticket ou cando rebase o triple do tempo aboado. Asemade, ao abeiro do previsto no artigo 7.c) da LSV, nestos dous supostos tamén poderá procederse á inmovilización do vehículo ata que se logre a identificación do seu conductor.

ARTIGO 9.—

Poderán ser anuladas as seguintes denuncias do xeito indicado neste artigo:

- a) Estacionar nunha Zona XER, durante o horario de funcionamento do servizo, carecendo de ticket: Esta denuncia poderá ser anulada durante un período máximo de unha hora á súa formulación co pagamento dunha tarifa de 7 € ou aquela tarifa que se indique na Ordenanza Fiscal Municipal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais.
- b) Estacionar superando o horario autorizado no ticket de aparcamento: Esta denuncia poderá ser anulada se a duración do aparcamento excedese da sinalada no ticket nun máximo de unha hora co pagamento dunha tarifa postpagada de 2,30 € ou aquela tarifa que se indique na Ordenanza Fiscal Municipal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais .
- c) Permanecer estacionado nunha mesma vía en Zona XER, durante o horario de funcionamento do servizo, por tempo superior a dúas horas: Esta denuncia poderá ser anulada durante un período máximo de unha hora á súa formulación co pagamento dunha tarifa de 5 € ou aquela tarifa que se indique na Ordenanza Fiscal Municipal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais.

Para proceder á anulación das denuncias formuladas nos supostos indicados, o usuario obterá o ticket correspondente, que xunto co primeiro nos casos b) e c), serán introducidos na caixa situada ao pé de cada expendedor ou entregados ao persoal vixiante controlador do servizo da XER para que anule a denuncia formulada.

ARTIGO 10. –

O estacionamento de vehículos de tracción mecánica, en horario de 9h. a 14h., e de 16h. a 20h., de luns a vernes agás festivos, nas vías do municipio incluídas no ámbito de aplicación da “Ordenanza Municipal reguladora do servizo de aparcamento de vehículos na vía pública, mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo” devengará a obriga do pagamento da taxa nas tarifas establecidas na Ordenanza Fiscal Municipal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Queda expresamente derogada a Disposición Adicional do Texto Refundido da Ordenanza Municipal reguladora do servizo de aparcamento na vía pública, mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo publicado no BOP nº 79, de 23.04.1996, e aprobado na sesión plenaria celebrada o 28.03.1996.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ao desta Ordenanza que afecten ás materias regulamentadas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

Conforme ao establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a modificación da Ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e reixerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Vigo, a 2 de febreiro de 2011.—O Concelleiro Delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes,
Xulio Calviño Rodríguez.

2011001137

* * *